



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MONFERO

Acordos do pleno en materia organizativa

ANUNCIO

O Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 19 de xullo de 2023, entre outros, adoptou os seguintes acordos en materia organizativa para a presente lexislatura:

GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

CONSTITUÍR OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E INTEGRAR AO ÚNICO CONCELLEIRO DA FORMACIÓN QUE NON OBTIVO UN MÍNIMO DE DOUS ESCANOS NO GRUPO MIXTO, DE ACORDO CO SEGUINTE:

A) Grupo político municipal do Partido Socialista de Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSDG-PSOE)

Integrantes: D. Andrés Feal Varela
D. Alberto Cortizas Rejo
D. José Grueiro Torrado
D. Ramón Grueiro Martínez

Portavoz: Titular: D. Alberto Cortizas Rejo
Suplente: D. José Grueiro Torrado

B) Grupo político municipal do Partido Popular (PP)

Integrantes: D.^a María Belén Salido Maroño
D. José Tojeiro Mosquera
D. Ángel Filgueiras Grueiro
D. Ramón Blanco Filgueiras

Portavoz: Titular: D.^a María Belén Salido Maroño
Suplente: D. José Tojeiro Mosquera

C) Grupo mixto

Integrante: D. Manuel García Deive, do Bloque Nacionalista Galego (BNG)
Portavoz: Titular: D. Manuel García Deive.

COMISIÓNS INFORMATIVAS:

1. CREAR A COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS CON SETE INTEGRANTES, DOS CALES CORRESPONDERANLLE TRES AO GRUPO SOCIALISTA, TRES AO GRUPO POPULAR E UN AO GRUPO MIXTO.
2. NON CREAR NINGUNHA OUTRA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE. A CORPORACIÓN COÑECERÁ DIRECTAMENTE OS ASUNTOS QUE TRATE. PROCURARASE QUE SEXA A TRAVÉS DE PROPOSTAS, SEN QUE RESULTEN PRECISAS RAZÓNS DE URXENCIA PARA INCLUÍLAS NA ORDE DO DÍA NIN QUE O PLENO TEÑA QUE RATIFICAR EN CADA CASO A SÚA INCLUSIÓN.

PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDNARIAS DO PLENO:

AS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN TERÁN CARÁCTER TRIMESTRAL E CELEBRARANSE AS TRECE HORAS E TRINTA MINUTOS DO TERCEIRO VENRES DOS MESES DE MARZO, XUÑO, SETEMBRO E DECEMBRO. NO CASO DE COINCIDIR CON FESTIVO, OU DE QUE NON SE PUDIERAN CELEBRAR POR CALQUERA OUTRO MOTIVO, TRASLADARANSE AO VENRES SEGUINTE.

SUBSTITUCIÓN DO ENVÍO DAS ACTAS DAS SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL AS/AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN POLA SÚA PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS ELECTRÓNICO MUNICIPAL

SUBSTITUÍR O SISTEMA DE REMISIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL A TODOS OS MEMBROS DA CORPORACIÓN E O DE ENVIAR AS ACTAS DE TODOS OS ÓRGANOS DE GOBERNO MUNICIPAL COLEXIADOS AOS MEMBROS QUE OS INTEGRAN PARA A SÚA APROBACIÓN NA SESIÓN CORRESPONDENTE, POLA SÚA PUBLICACIÓN NO

TABOLEIRO DE ANUNCIOS ELECTRÓNICO DO CONCELLO DE MONFERO NO MESMO DÍA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN NA QUE VAIAN SER SOMETIDAS A APROBACIÓN, OU CON ANTERIORIDADE, ONDE PODERÁN CONSULTARSE CON TODAS AS GARANTÍAS DE INTEGRIDADE, AUTENTICIDADE E DISPOÑIBILIDADE, ENTENDÉNDOSE ASÍ REMITIDAS E CUMPRIDAS AS OBRIGAS SOBRE O PARTICULAR RESPECTO DOS/AS CONCELLEIROS QUE VOTEN FAVORABLEMENTE ESTE ACORDO OU QUE CONSINTAN EXPRESAMENTE ESTA FORMA DE PROCEDER, QUE PODERÁN VOLVER AO SISTEMA DE ENVÍO ANTERIOR DE FORMA INSTANTÁNEA SÓ CON COMUNICALO POR ESCRITO AO CONCELLO.

NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN COMPETENCIA DO PLENO:

DESIGNAR AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE, D. ANDRÉS FEAL VARELA, OU PERSOA QUE O SUBSTITÚA, COMO REPRESENTANTE DO CONCELLO DE MONFERO NOS ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SE INDICAN A CONTINUACIÓN E COMO SUPLENTES AOS TENENTES DE ALCALDE POLA ORDE DO SEU NOMEAMENTO:

CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO PÚBLICO INTEGRADO "VIRXE DA CELA"

ASOCIACIÓN EUROEUME

ASOCIACIÓN SEITURA 22

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DA IGUALDADE E BENESTAR

ASOCIACIÓN DE MOSTEIROS DO CÍSTER DE GALICIA

ASOCIACIÓN DE CONCELLOS PARA A XESTIÓN DA COMARCA DO EUME

DESIGNAR AO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE, D. ALBERTO CORTIZAS REJO, COMO REPRESENTANTE POLÍTICO DO CONCELLO DE MONFERO PERANTE O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE E COMO SUPLENTES AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE E AO RESTO DE TENENTES DE ALCALDE POLA ORDE DO SEU NOMEAMENTO.

Monfero, 28 de xullo de 2023

O Alcalde

Andrés Feal Varela

2023/6659